

MÁSTER UNIVERSITARIO. CURSO ACADÉMICO 2008/09

Tras a experiencia dos 2 últimos cursos académicos sobre a prescrición e matrícula nos Máster Universitarios, tense comprobado que moitos alumnos solicitan praza tras rematar o período de prescrición e matrícula, quedando prazas vacantes en todos os Máster tras ser convocados todos os solicitantes das listas de agarda. Por outra banda, os estudantes estranxeiros requiren que se lles admita antes de que se publiquen as listaxes de admitidos, para tramitar as bolsas e axudas ao estudo ou os visados.

Para os efectos de axilizar todo o proceso de admisión e matrícula, resultaría máis eficaz que os alumnos que cumpran os requisitos poidan facer un só trámite para formalizar a súa matrícula, respectando a oferta de prazas que se aprobe pola USC. Ademais, habería que manter o sistema de admisión previa para os estudantes estranxeiros, a través da secretaría virtual, que resultou eficaz para responder á demanda destes alumnos, pese a que o número de matrícula que se formalizaron foi reducido, en proporción ás admisións concedidas.

Verbo de todo o anterior o Consello de Goberno do 30 de Maio do 2008 Acorda aprobar o seguinte procedemento para a admisión e matrícula dos Másters oficiais con límite de prazas.

OFERTA DE PRAZAS

En cada Máster poderá establecerse un número máximo de prazas ofertadas ou sen límite de prazas. Tamén deberá figurar na oferta as prazas para titulados noutros países.

Na oferta de praza deberán figurar as titulacións de acceso a cada Máster e, no seu caso, as cotas de prazas por cada unha delas ou as titulacións preferentes.

Tamén se deberá indicar o número de prazas que se oferten para a matrícula a tempo parcial, de entre o total de prazas ofertadas.

MATRÍCULA EN MÁSTER UNIVERSITARIOS PARA SOLICITANTES CON ESTUDOS DE ACCESO ESPAÑOIS

1.- Os alumnos que cumpran os requisitos de acceso a un Máster Universitario poderán matricularse directamente, a través da secretaría virtual.

2.- Antes da matrícula, deberán declarar os datos sobre a titulación ou estudos de acceso, e das cualificacións obtidas, para os efectos de determinar a súa nota media de expediente e, cando proceda, a orde na que figurarán nas relacións de matriculados ou de agarda.

A matrícula realizarase a través da secretaría virtual, e os alumnos matriculados poderán consultar as prazas ofertadas, o número de matriculados e a orde na que figuran, durante todo o período de matrícula, coas variacións que se vaian producindo.

3.- Rematado o período de matrícula, procederase do seguinte xeito:

3.1. Nos Máster nos que a matrícula supere as prazas ofertadas, procederase a asignar as prazas por orde de nota media de expediente, segundo os datos declarados polo solicitante. Os alumnos que non obteñan praza quedarán en lista de agarda.

Cando o número de matriculados non exceda dun 15% das prazas ofertadas, asignarase praza a todos os solicitantes.

3.2.. Nos Máster nos que queden prazas vacantes, estas poderán ser adxudicadas, ata o 15 de outubro, aos interesados que o soliciten e acrediten reunir os requisitos de acceso.

4.- **Matrícula a tempo parcial.**- Os alumnos matriculados, poderán solicitar á Comisión do Máster a matrícula a tempo parcial, de acordo coa oferta de prazas para esta modalidade. A Comisión seleccionará aos alumnos, de acordo cos criterios, que deberán facerse públicos, e que deberán ter en conta as causas que impidan realizar os estudos a tempo completo, o que deberá ser acreditado polos solicitantes, e a nota media do expediente académico.

PRAZOS DE MATRÍCULA E DE SELECCIÓN DOS ALUMNOS

O prazo de matrícula será entre o 4 e o 10 de setembro de 2008.

O día 12 de setembro publicarase na páxina web a relación de matriculados e a listaxe de agarda, e enviaráselles por correo electrónico unha comunicación aos alumnos que estean na listaxe de agarda, informándolles da orde na que figuran nesta relación.

Os matriculados poderán anular a matrícula ata o 15 de outubro, estas prazas serán ofertadas aos alumnos da listaxe de agarda, pola orde na que figuren, a medida que se vaian producindo e ata cubrir as prazas ofertadas.

MATRÍCULA EN MÁSTER UNIVERSITARIOS PARA TITULADOS DOUTROS PAÍSES

1.- Admisión.- Os alumnos con titulación universitaria obtida noutros países, solicitaran praza a través da secretaría virtual, indicando os estudos cursados, o número de anos de que consta o programa de estudos, a titulación obtida, a universidade e o país de orixe.

2.- Adxudicación de prazas.- As prazas adxudicaranse por orde de solicitude e ata completar as prazas ofertadas. A comunicación aos solicitantes farase por correo electrónico, e os admitidos farán a matrícula no mesmo prazo que os establecido para os alumnos españois.

A admisión e matrícula quedarán condicionados a que o solicitante acredite documentalmente os estudos cursados e ao seu recoñecemento para o acceso ao Máster universitario.

3.- Listaxe de espera.- Logo de que se cubran todas as prazas ofertadas, os novos solicitantes pasarán a unha listaxe de espera, por orde da data de solicitude. Se no período de matrícula non se matriculara algún dos admitidos, procederase a adxudicar as prazas vacantes aos seguintes na listaxe de agarda.

Disposición adicional: Autoriza ao reitor ou persoa en quen delegue para ditar cantas resolucións sexan necesarias para o desenvolvemento do presente acordo..

ISABEL GARCÍA-RODEJA GAYOSO, SECRETARIA XERAL DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do día trinta de maio de dous mil oito, acordou aprobar o Procedemento de admisión e matrícula de alumnos dos POP no curso 08-09, de conformidade co texto que se anexa.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a seis de xuño de dous mil oito, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

Vº e Pr.

O Reitor

Por delegación do 2 de xuño de 2008

A vicerreitora de Investigación e Innovación

Mª José Alonso Fernández

